



**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo á concesión dunha subvención directa de carácter nominativo a favor da Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado Festa da Gaita en Becerreá, polo importe de 6.000,00€ , constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo) e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.

O devandito texto do convenio tipo canalizador da subvención nominativa máis os seus anexos, unha vez informado pola Secretaría Xeral, foi aprobado por esta Deputación mediante resolución da Presidencia de data 25 de febreiro de 2026.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2026.

2. Informe da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo), no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

No Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026 se recolle unha subvención nominativa a favor da Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes, por importe de 6.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.48900 en concepto de gastos derivados da actuación denominada “Festa da Gaita en Becerreá”


No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación que se refire á colaboración co beneficiario no “Festa da Gaita en Becerreá”. Esta finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2026 – 2028, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno de 23 de xaneiro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Outorgar a subvención directa nominativa, por importe de 6.000,00€ a favor da “Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes” para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Festa da Gaita en Becerreá”, subvención incluída na liña 3.1- apartado, a), que leva por título “Turismo” (Subvencións directas nominativas), Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Turismo), do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 6.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da “Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes”, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Festa da Gaita en Becerreá”.

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	1/11



3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Servizo de Turismo e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación, co seguinte teor:

*“CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A FAVOR DA ASOC. CULTURAL DEPORTIVA CHAO DE SEBES CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “FESTA DA GAITA EN BECERREÁ” NA ANUALIDADE 2026, (APROBADO POR RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA \_\_\_\_\_)*

En

**INTERVEÑEN**

*Dunha parte, María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P27000001, actuando en nome e representación da citada entidade, según dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*E doutra parte, José María Álvarez Vega, na súa condición de Representante, do beneficiario Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes, con NIF G27454339, actuando en nome e representación do citado beneficiario.*

*Actúa José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.*

**MANIFESTAN**

*Primeiro: Que no vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 aprobado pola Xunta de Goberno o 23 de xaneiro de 2026 así como no ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por ese mesmo órgano o 23 de xaneiro de 2026 (dentro da Liña 3.1 a, da Área funcional de Turismo, e do obxectivo específico 10) Impulso da sociedade do benestar: sociedade do ocio e do lecer), recóllese unha subvención directa nominativa a favor do beneficiario Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes, por importe de 6.000,00€, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Festa da Gaita en Becerreá”.*

*Segundo: Que por resolución presidencial, de data \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2026, aprobouse o convenio que canaliza a subvención nominativa outorgada, por importe de 6.000,00€, a favor do beneficiario, Asoc. Cultural Deportiva Chao de Sebes co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Festa da Gaita en Becerreá”, na anualidade do 2026.*

*Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4320.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 6.000,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.*

*Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións*

*Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actuación de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.*

*Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar este convenio con arranxo ás seguintes:*

**CLÁUSULAS:**

*Primeira.- Obxecto do convenio.*

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	2/11





O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Festa da Gaita en Becerreá ", na anualidade de 2026. Esta actuación consiste no aluguer dunha carpa, escenario e alumeado, equipo de son e técnico, e mobiliario interior, para a celebración o día 15 de agosto de 2026 da Festa da Gaita en Becerreá.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 6,315,79€.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.

Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 6.000,00€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada polo propio beneficiario.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actuación subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actuación subvencionada.

Do Beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actuación subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	3/11



En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custe da actuación subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actuación concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actuación subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actuación obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co beneficiario.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actuación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión nesta subvención.

- Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.


- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

- Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

- O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

-

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	4/11





- De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actuacións (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actuacións deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

- **Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.**

*Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.*

*O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2027.*

*Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo,*

*De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-*

*Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.*

*Gastos subvencionables.*

*Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2026.*

*Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.*

*O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.*

*Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actuación subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

*De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións e actuacións que inclúan -tácita ou implicitamente -contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.*

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	<b>Fecha y Hora</b>	16/06/2026 13:29:55
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	PABLO RIVERA CAPÓN		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	<b>Página</b>	5/11



Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actuacións realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
- ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a forma de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

- ANEXO III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu, en galego, na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación subvencionada.

Declaración responsable que no desenvolvemento da actuación non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puideran considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
  - Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
  - Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
    - . Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

	IV76WKClFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKClFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKClFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	6/11





- . Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
  - . Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
- No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas

- **Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores:** o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data \_\_\_\_\_”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Tamén se admitirá que na factura ou documento de valor probatorio equivalente conste forma de pago “en efectivo”ou “pagado en caixa”.

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- **Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.**  
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen ive- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen ive- en obras)
- **Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.**

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	7/11



Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación dos custes realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo beneficiario, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado polo beneficiario. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención - anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.


f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. g)

g) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	8/11





Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexeráse polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección:

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRIPCIÓN
SECTOR ECONÓMICO	5	Outros servizos
FINALIDADE	14	Comercio, turismo e Pymes
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contra prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	9/11



administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

*Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.*

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.*

*Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.*

*O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.*

*A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo ou por incorrer en causas de resolución efectuarase por resolución presidencial.*

*Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.*

*Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.*

*A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2028 ,debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.*

*O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.*

*Décimo quinta.- Modificación do convenio.*

*O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.*

*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.*


*Décimo sexta.- Carácter do convenio.*

*O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.*

*Décimo sétima.- Plan de auditoría.*

*A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:*

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	Página	10/11





- *Comprobar a execución polos beneficiarios das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.*
- *Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.*
- *Verificar a data de pago dos devanditos documentos.*

*Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.*

*Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.*

*As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

*E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe”.*

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**A PRESIDENTA,**

P.D. Decreto de data 14-01-2026

**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI	<b>Fecha y Hora</b>	16/06/2026 13:29:55
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	PABLO RIVERA CAPÓN		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKCIFQG3WTOY3X6TMN37OI</a>	<b>Página</b>	11/11

